

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026807	Félix Muriel	Rianxo	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0216	Atención sanitaria	2023/2024	0	213	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	YOLANDA MONTENEGRO GIL
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Organiza as actividades de atención sanitaria a persoas en situación de dependencia, en relación coas súas características e as súas necesidades.
RA2 - Aplica técnicas de mobilización, traslado e deambulación, para o que analiza as características da persoa en situación de dependencia.
RA3 - Caracteriza actividades de asistencia sanitaria, tendo en conta a relación das necesidades e as características da persoa usuaria co establecido no plan de cuidados.
RA4 - Organiza actividades de alimentación e apoio á inxestión, para o que selecciona as técnicas, os instrumentos e as axudas necesarias.
RA5 - Realiza o control e o seguimento das actividades de atención sanitaria, para o que analiza os protocolos de observación e rexistro establecidos.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Descríbense as características anatomofisiolóxicas básicas e as alteracións máis frecuentes dos sistemas cardiovascular, respiratorio, dixestivo e reprodutor.
CA1.2 Descríbense as principais características e necesidades de atención física das persoas en situación de dependencia.
CA1.3 Identifícanse os principais signos de deterioración física e sanitaria asociados a situacións de dependencia.
CA1.4 Identifícanse as características do contexto que favorezan ou dificulten o estado físico e de saúde da persoa usuaria.
CA1.6 Defínense as condicións ambientais favorables para a atención sanitaria.
CA1.7 Argumentouse a importancia da participación da persoa nas actividades sanitarias.
CA1.8 Valorouse a importancia de promover o autocoidado.

**Crterios de avaliación do currículo**

CA2.6 Descríbóronse as técnicas de limpeza e conservación de próteses, precisando os materiais e os produtos adecuados en función do estado e das necesidades da persoa usuaria.

CA2.7 Proporcionáronse pautas de actuación á persoa en situación de dependencia e ás do seu contorno, que favorezan a súa autonomía, en relación coa mobilidade e o mantemento das axudas técnicas.

CA3.1 Seleccionáronse as posicións anatómicas máis adecuadas para facilitar a exploración das persoas usuarias.

CA3.2 Preparouse e prevíuse a administración dos medicamentos, cumprindo as pautas establecidas no plan de coidados individualizado e as prescricións específicas para cada vía e cada produto.

CA3.3 Identificáronse os principais riscos asociados á administración de medicamentos.

CA3.4 Seleccionáronse tratamentos locais de frío e calor atendendo ás pautas dun plan de coidados individualizado.

CA3.5 Identificáronse os signos de posibles alteracións no estado xeral da persoa durante a administración de medicamentos.

CA3.7 Valorouse a importancia de favorecer a participación da persoa usuaria e o das persoas do seu contorno nas actividades sanitarias.

CA4.1 Organizouse a distribución e o servizo das comidas na institución, seguindo as prescricións da folla de dietas.

CA4.3 Informouse a persoa en situación de dependencia e a súa familia acerca da correcta administración de alimentos.

CA4.4 Comprobase que a inxestión se axuste ao plan de coidados.

CA4.5 Asesorouse a persoa e a familia sobre a utilización dos materiais de recollida de excrecións e a súa posterior eliminación.

CA4.7 Identificáronse os posibles riscos asociados ás situacións de inxestión.

CA4.8 Adoptáronse medidas de seguridade e prevención de riscos.

CA5.1 Identificáronse as características que deben cumprir os protocolos de observación, control e seguimento do estado físico e sanitario das persoas usuarias.

CA5.5 Aplícanse as técnicas e os instrumentos de observación previstos para realizar o seguimento da evolución física da persoa, e rexístranse os datos obtidos segundo o procedemento establecido.

CA5.6 Rexístranse os datos para a súa comunicación responsable do plan de coidados individualizados.

CA5.7 Transmítiuse a información polos procedementos establecidos e no momento oportuno.

**Cráterios de avaliación do currículo**

CA5.8 Argumentouse a importancia do control e do seguimento da evolución física e sanitaria da persoa, para mellorar o seu benestar.

**2.2. Segunda parte da proba**
**2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**
**Resultados de aprendizaxe do currículo**

RA1 - Organiza as actividades de atención sanitaria a persoas en situación de dependencia, en relación coas súas características e as súas necesidades.

RA2 - Aplica técnicas de mobilización, traslado e deambulacón, para o que analiza as características da persoa en situación de dependencia.

RA3 - Caracteriza actividades de asistencia sanitaria, tendo en conta a relación das necesidades e as características da persoa usuaria co establecido no plan de coidados.

RA4 - Organiza actividades de alimentación e apoio á inxestión, para o que selecciona as técnicas, os instrumentos e as axudas necesarias.

RA5 - Realiza o control e o seguimento das actividades de atención sanitaria, para o que analiza os protocolos de observación e rexistro establecidos.

**2.2.2. Cráterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**
**Cráterios de avaliación do currículo**

CA1.5 Interpretáronse as prescricións de atención sanitaria establecidas no plan de coidados.

CA2.1 Aplicáronse as técnicas máis frecuentes de colocación de persoas encamadas, con adecuación ao seu estado e ás súas condicións.

CA2.2 Aplicáronse técnicas de mobilización, deambulacón e traslado de persoas en situación de dependencia, con adecuación ao seu estado e ás súas condicións.

CA2.3 Aplicáronse procedementos que garantan unha carga segura e a prevención da aparición de posibles lesións no persoal profesional.

Criterios de avaliación do currículo
CA2.4 Utilizáronse as axudas técnicas de mobilización, transporte, deambulación e posicionamento en cama de persoas en situación de dependencia máis adecuadas ao seu estado e ás súas condicións.
CA2.5 Adoptáronse medidas de prevención e seguridade.
CA2.8 Amosouse sensibilidade cara á necesidade de potenciar a autonomía da persoa usuaria.
CA3.6 Tomáronse as constantes vitais da persoa, utilizando os materiais adecuados e seguindo as prescricións establecidas.
CA3.8 Empregáronse as medidas de protección, hixiene e seguridade establecidas tanto para o persoal como para a persoa usuaria.
CA4.2 Aplicáronse técnicas de apoio á inxestión, en función das características e das necesidades da persoa.
CA4.6 Amosouse sensibilidade cara á importancia de que a hora da comida sexa un momento agradable para a persoa.
CA5.2 Cubríronse protocolos de observación e rexistro, manuais e informatizados, seguindo as pautas establecidas en cada caso.
CA5.3 Recolleuse información correcta e completa sobre as actividades realizadas e as continxencias que se presentaran.
CA5.4 Obtívose información da persoa ou das persoas ao seu cargo mediante diversos instrumentos.

### 3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

#### MÍNIMOS EXIXIBLES PARA A PRIMEIRA E SEGUNDA PARTE DA PROBA

Os establecidos como criterios de avaliación para cada un dos resultados de aprendizaxe establecidos para o módulo.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

- As probas son eliminatorias, e avalíaranse de 1 a 10 puntos, sendo necesario obter unha nota igual ou superior a 5 en cada unha delas para acadar unha avaliación positiva. É necesario superar a primeira proba para acceder á segunda, que terá lugar nunha data diferente.

- A cualificación final do módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das probas, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima, isto é: decimais de 0 a 5, aproxímanse á unidade anterior, e decimais de 6 a 9, á superior.

- No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.
- Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumplan as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun 1.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

Terá CARÁCTER ELIMINATORIO e consistirá nunha proba escrita que versará sobre una mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

A proba consistirá de preguntas tipo test e/o cuestións a desenvolver.

O test estará composto por preguntas de catro opcións cunha única resposta correcta. As respostas erróneas descuentan 1/3 de pregunta correcta.

As respostas deben estar correctamente marcadas no exame (rodeando a letra correspondente á resposta que considere correcta). Aquelas non marcadas correctamente ou que deixen lugar a dúbidas, contaránse negativamente.

As cuestións a desenvolver estarán relacionadas cos CAs correspondentes. Deberá responderse con letra clara e lexible, en cor azul ou negro. Os exercicios que non sexan claramente lexibles puntuaranse cun 0.

-A proba será avaliada de 1 a 10, sendo necesario obter unha nota igual o superior a 5 para acadar unha avaliación positiva e acceder á segunda proba.

- Finalizada a proba, a Comisión de Avaliación exporá as puntuacións obtidas polos aspirantes no taboleiro de anuncios do IES Félix Muriel e convocará para a realización da segunda parte da proba.



#### 4.b) Segunda parte da proba

- As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá CARÁCTER ELIMINATORIO e consistirá no desenvolvemento de varios supostos prácticos (que poderán ser desenvolvidos por escrito ou directamente escenificados na aula taller; neste último caso a proba será gravada en vídeo) que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.
- A proba será avaliada de 1 a 10, sendo necesario obter unha nota igual ou superior a 5 para acadar unha avaliación positiva.
- A nota de cada aspirante será expresada en números enteiros, aproximando á unidade máis cercana; isto é: decimais de 0 a 5, aproxímanse á unidade anterior, e decimais de 6 a 9, á superior.
- As persoas que non superen a primeira parte da proba non poderán acceder a segunda parte.
- Finalizada a proba, a Comisión de Avaliación exporá as puntuacións obtidas polos aspirantes no taboleiro de anuncios do IES Félix Muriel.